

## CAMPAÑA DE NADAL

### EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE

A campaña de cara ao público desenvolverase do 18 de decembro ao 5 de xaneiro. Poderán participar todos os comercios, hosteleiros e perruquerías inscritos con anterioridade na campaña "**EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE**"

Os comerciantes, hosteleiros e perruquerías poderán inscribirse a través do correo electrónico [concursos.concello.monterroso@gmail.com](mailto:concursos.concello.monterroso@gmail.com) antes do xoves, día 16 de decembro indicando Razón Social e teléfono. O día 17 distribuiranse entre os negocios participantes os distintivos e tickets correspondentes, e o 18 comezarán a distribuilos entre os seus clientes.

As empresas participantes deberán lucir no seu escaparate o distintivo "**EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE**" e entregar aos clientes papeletas seladas cos seus correspondentes tickets de compra (unha papeleta por compra). Sempre que o importe sexa superior a 20 € por comercio ou 10 € perruquerías e hostelería e 5 € en panaderías, floristerías, librerías e comercios de arte e agasallos.

Os establecementos deberán selar ou asinar cada papeleta entregada.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son persoas físicas ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grado) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecemento.



Consideranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requeridos para la identificación dos participantes (nome, apellidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

O sorteo realizarase os días 23 e 30 de decembro e 5 de xaneiro ás 13:30 no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido en directo por redes sociais.

Os premiados disporán ata o 31 de xaneiro para canxear as tarxetas moedeiro de compra soamente nos comercios inscritos na campaña.

O premio só se deberá canxear nos establecementos adheridos á campaña.

### **Anexo I: Listado de premios**

24 Lotes valorados en 50 € cada ún, distribuidos do seguinte xeito:

Sorteos:

- 8 Tarxetas o día 23 de decembro
- 8 Tarxetas o día 30 de decembro
- 8 Tarxetas o día 5 de xaneiro

